

DECRETO 213-10

Visto que mediante acordo de 11/03/2010 da Xunta de Goberno Local, aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación da obra “REPARACIONES Y CAMBIO DE CUBIERTA DEL POLIDEPORTIVO DEL CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DEL TOURAL – VILABOA”

Visto que durante a licitación se presentaron as solicitudes de participación que constan no expediente.

Visto que con datas 19 e 22 de abril constituíuse e estableceu a súa proposta a Mesa de contratación, e unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes e aplicados os criterios obxectivos de solvencia, propuxo a selección dos que pasaron á seguinte fase, aos que se invitou a participar e a presentar as súas ofertas.

Visto que durante o prazo establecido nos pregos dende a data de envío da invitación, presentáronse as ofertas que constan no expediente.

Visto que a Mesa de Contratación á vista das ofertas presentadas e unha vez negociados os aspectos e tras a recepción do informe de valoración técnica, realizou proposta de adxudicación a favor de PEREZ ABILLEIRA S.L. examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO

PRIMEIRO. Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de obras de “REPARACIONES Y CAMBIO DE CUBIERTA DEL POLIDEPORTIVO DEL CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DEL TOURAL – VILABOA” por procedemento negociado á empresa PEREZ ABILLEIRA S.L polo prezo de 89.044,50 euros, e os demais termos e melloras establecidos na súa oferta.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar ao Adxudicatario e requerilo para constituír a garantía definitiva e os demais aspectos relacionados no apartado 21 dos Pregos de Cláusulas Administrativas.

En Vilaboa a 26 de abril de 2010

O Secretario,

O Alcalde,

Asdo.: Juan F. Sánchez González

Asdo.: José Luis Poceiro Martínez

RECURSOS: Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo artigo 109.c) da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBR, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre un mes sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel en que

se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.